

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 13 de decembro de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTEN:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D. José Manuel Couto Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día trece de decembro de dous mil catro e baixo a presidencia da segunda tenente de alcalde, Ilma. Sra. Molares Pérez, por ausencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. López Chaves-Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Estan presentes, por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, e a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1596).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE 180.203,63 A FAVOR DE SERVICIOS HÍPICOS HIPIGAL S.L. EN CONCEPTO DE AXUDA AO DESENVOLVEMENTO DA COPA DO MUNDO DE SALTOS DE VIGO 2003. EXPTE. 1028/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da interventora xeral do 7.12.04 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo Administrativo de Alcaldía, conformado polo concelleiro da Ára de Xestión municipal, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Declarar nulo o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Servicios Hípicos Hipigal, S.L., de axuda o desenvolvemento da Copa do Mundo de Saltos Vigo 2003, asinado o día 10 de febreiro de 2003.

2º.- Recoñecer a obriga por recoñecemento extraxudicial de créditos a favor de Servicios Hípicos Hipigal, S.L (CIF. B-36.873.354), en concepto de indemnización da cantidade especificada na cláusula segunda de convenio citado no punto anterior, 180.303,63 euros, con cargo á partida orzamentaria 111.0.227.06.08, “Convenio Hipigal 2003”.

3º.- Dispoñer o gasto a favor de “Servicios Hípicos Hipigal, S.L.”, por importe de 180.303,63 euros, con cargo á partida orzamentaria 111.0.227.06.08, “Convenio Hipigal 2003” do presuposto prorrogado actualmente en vigor.

2(1597).-SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 193/2004 INTERPOSTO POR D. MIGUEL ANGEL GIL VÁZQUEZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL POR DANOS NO SEU VEHÍCULO. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 10.11.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Miguel Angel Gil Vázquez contra desestimación presunta polo Concello de Vigo, da reclamación patrimonial efectuada polo actor en data 30 de xullo de 2003, e no expte. nº 16445/240-03; resolución que confirmo, ao entendela axustada a dereito. Sen condena en custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta oa Servizo de Patrimonio.

3(1598).-SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 217/2004 INTERPOSTO POR D. ANGEL GONZALEZ RIAL CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL POR DANOS NO SEU VEHÍCULO. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 10.11.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Angel González Rial contra desestimación presunta polo Concello de Vigo da reclamación patrimonial efectuada polo actor de data 1.08.03, no expte. nº 16451/240/03; resolución que anulo, ao entendela contraria a dereito; condenando á Administración demandada a aboar ao actor a suma de 2.703€ polos danos e prexuízos irrogados ao mesmo, mailos xuros legais devengados por dita cantidade dende a data da reclamación patrimonial en vía administrativa. Sen condena en custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta aos Servizos de Patrimonio, Seguridade, Tráfico e Transportes, Policía Local e Limpeza.

4(1599).-SENTENZA DO TSXG NO REC. APELACIÓN INTERPOSTO POR GESTRAVISA CONTRA SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NO R.C.A. Nº 428/2001, DESESTIMATORIA DE RECURSO CONTRA RESOLUCIÓN DO CONCELLO DE VIGO QUE OBRIGA AO PAGAMENTO DO IBI (ESTACIÓN DE AUTOBUSES). DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 18.11.04, dictada pola Sección Terceira da sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso de referencia interposto contra sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo desestimatoria de r.c.a. interposto por Gestión de Estaciones de Transporte de Viajeros S.A. contra resolución do Concelleiro Delegado de Economía e Facenda do Concello de Vigo de 13.08.01, desestimatoria á súa vez de recurso de reposición interposto contra a de 21.09.00 que denega a solicitude de que se declare a exclusión da obriga de satisfacer o imposto sobre bens inmobles. A Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia falla o seguinte:

Desestimamos o recurso de apelación formulado pola entidade Gestión de Estaciones y Transportes de Viajeros S.A., contra a sentenza, de data 11 de febreiro de 2003, procedente do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, que en consecuencias, confirmamos integramente, con imposición de custas desta alzada á parta apelante.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

5(1600).-SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4602/01 INTERPOSTO POR D.RICARDO MARTIN GARCÍA CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL POR LESIÓNS SUFRIDAS NO PAVILLÓN MONTE DA MINA. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 4.11.04 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimamos o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Ricardo Marín García contra a desestimación presunta polo Concello de Vigo da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada en relación coas lesións sufridas polo actor o día 24.11.99 a consecuencia dunha caída no pavillón deportivo “Monte da Mina”. Non se fai imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao IMD.

6(1601).-SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4837/01 INTERPOSTO POR D. ENRIQUE MEIJIDE LUMBRERAS CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL POR DANOS NA SÚA MOTOCICLETA. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 4.11.04, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimamos o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Enrique Meijide Lumbreras contra desestimación presunta do Concello de Vigo da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada en data 27.10.00, expte. nº 13527/240. Non se fai imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio.

7(1602).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. N 01/1105/02 INTERPOSTO POR D. RAFAEL OJEA PÉREZ E OUTROS CONTRA ACORDO PLENARIO DE 25.03.02 QUE APROBA OS ORZAMENTOS MUNICIPAIS PARA O 2002. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 20.10.04 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debemos desestimar e desestimamos o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Rafael Ojea Pérez, D^a. María Luisa Sobrino del Río, D. Francisco J. González Yebra Pimentel, D^a. María Belén Mediero Rodríguez, D. José Ballesta de Diego, D^a Rosa Ana Garcinuño Barreiro, D. Gustavo Rodríguez Bartol, D. José Luis Cea Nogueira, D^aAvelina Santiso Gil, D^a Raquel López González, D. Julio Fernández Cemeño, D^a María Teresa García González, D^a María Concepción Cameselle Sola, D. Fernando Vilaboa Pérez, D^a Pilar Carceiro Miniño, D. Iganacio Ojea Pérez, D^a Berta Sala Ríos, D^a María Rosario Fernández Iglesias, D. Antonio Aperador Nieto, D^a Susana Carresa Mera, D^a Marta Riobóo Ibález, D^a María Angeles Vidal Fraile, D. Sergio González Prada, D. Santiago Pereira Mora, D. Jacinto Martín Barreras, D^a Juana María Ramiro García, D^a Beatriz Gómez Ouro, D^a María Sierra Abraín, D^a María Pilar Díaz de Bustamante, D. José A. Hermida Fernández, D. José Ignacio Oliveira López, D^a Luz María González Domínguez, D^a Julia Mariño Villanueva, D^a Sonsoles Garcinuño Barreiro, D. Cesar Sieiro Cerdeira, D^a Ana Carballal Reguerio e D. Miguel A. Carrera Mouriño contra acordo plenario do Concello de Vigo, de data 25 de marzo de 2002, polo que se aproban os Presupostos Xerais para o ano 2002, en particular relativo ao incremento lineal do complemento específico; en todo o demais se declara a inadmisibilidade do recurso promovido por falla de lixitimación activa dos accionantes; todo iso sen facer imposición das custas procesuais.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da Sentenza, do que deberá darse conta aos departamentos de Persoal e Intervención Xeral.

8(1603).-SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 01/0585/02 INTERPOSTO POR ESTACIONAMIENTOS GALLEGOS S.A. CONTRA DESESTIMACIÓN DE REPOSICIÓN

CONTRA REQUIRIMENTO DE OBRAS DE MANTEMENTO DE ESTACIONAMENTO SUBTERRÁNEO DA PORTA DO SOL (EXPTE. Nº 13752/240/2000). DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 17.11.04, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debemos desestimar e desestimamos o recurso contencioso-administrativo interposto pola entidade mercantil Estacionamientos Gallegos S.A. –EGASA-, actualmente Interparking Hispania S.A. contra resolución do Concello de Vigo, de data 17.08.01, desestimatoria de recurso de reposición formulado contra outra de 26 de marzo anterior, pola que se require á entidade actora, na súa calidade de concesionaria do Parking da Porta do Sol, para que , no prazo de dous meses, proceda a acometer as obras de reparación indicadas no informe do arquitecto municipal de Patrimonio de data 27 de febreiro de 2001; todo iso sen facer imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio e Contratación.

9(1604).- AUTO DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 248/2004 INTERPOSTO POR D^a M^a TERESA NÚÑEZ CHANTADA CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO (EXPTE. 1040913223). REMATADO O PROCEDIMENTO.

Dáse conta do auto de data 22.11.04, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Declárase rematado o presente procedemento interposto por María Teresa Núñez Chantada contra o Concello de Vigo por existir satisfacción extraprocesual.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ao Servizo de Seguridade, Tráfico e Transportes.

10(1605).- AUTO DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 152/04 INTERPOSTO POR ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS S.A. CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO 26.04.04 DE EXCLUSIÓN DE OFERTA EN CONCURSO APARCADOIROS URZÁIZ E PRAZA INDEPENDENCIA. DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 15.11.04, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que acorda o seguinte:

Debía acordar e acordaba ter ao Procurador don José Vicente Gil Tranchez, en nome e representación da entidade Estacionamientos y Servicios S.A. por deseistido na proxecución do presente procedemento. Sen imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ao Servizo de Seguridade, Tráfico e Transportes.

11(1606).- PROPOSTA DE ANULACIÓN DE TALÓNS E AMPLIACIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES PARA LIBROS PARA O CURSO 2004-2005. EXPTE. 10976/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora Social, do 7.12.04, conformado polo xefe do Sector de Benestar Social e o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Anula-los talóns e as cantidades que se reseñan a continuación, pertencentes as Axudas Municipais de libros, curso 2004/ 2005 por importe de 1.443,00 € que por diversos motivos (cambio de municipio, rexeitamento, etc..) non se teñen aboadado.

<u>EXPTE</u>	<u>NOME</u>	<u>CANTIDADE</u>
05/30408	Guiomar Santos Germade	170,00 €
12/14814	Mª Carmen Castro Míguez	109,00 €
15/52778	Adelaida Costas Salgueiro	109,00 €
15/000012	Luz Helena Guevara Romero	279,00 €
15/52800	Amparo Diaz Mafe	194,00 €
11/30232	Carmen Millos Fernández	109,00 €
14/28164	Ana Belén Lagares Folgueira	170,00 €
15/53108	Martha Cecilio Muñoz Baez	109,00 €
16/23651	Lucinda Blanco Pérez	85,00 €
14/30452	Yetti Dubrak Pérez Fagúndez	109,00 €

2º.- Aproba-la concesión das axudas municipais escolares para libros ós seguintes solicitantes por importe de 12.522,00 €, para completa-lo gasto total do presuposto para este fin.

<u>EXPTE</u>	<u>TITULAR</u>	<u>CANTIDADE</u>
16/927	Adela Gabarrez Jiménez	170,00 €
13/30871	Pilar Pérez Vargas	231,00 €
13/30871	Adela Jiménez Fereduela	146,00 €
13/25660	Jairo Jiménez Hernández	60,00 €
15/26032	Rocío Aira Pereiro	85,00 €
14/30685	Rosario Veloso Iglesias	24,00 €
13/30789	Nuria Suarez Reinaldo	61,00 €
13/30655	Mª Mar Francisco Martínez	85,00 €
11/5640	Rosa Mariño Soto	85,00 €

15/52766	Ana María Radio Barros	340,00 €
13/17905	Lucía Montoya Giménez	85,00 €
5/30450	Andrea Faber Pérez	303,00 €
5/30521	Mª Luz Alvarez Gutierrez	85,00 €
41/30433	Carmen Docampo Rodríguez	109,00 €
<u>EXPTE</u>	<u>TITULAR</u>	<u>CANTIDADE</u>
14/6481	Elisa Covelo Fernández	122,00 €
14/30289	Asunción Boullosa Gómez	170,00 €
14/20063	Amparo Estévez Villar	146,00 €
5/30629	Gabriela Pellegrini	170,00 €
41/30447	Carmen Buendía Sánchez	85,00 €
15/29222	Iria Estévez	61,00 €
13/5691	José Manuel Pazo Novoa	85,00 €
14/28151	Jonathan León Escudero	61,00 €
12/25716	Paula Bompastor Figueiredo	207,00 €
12/30371	Patricia Aimurle	61,00 €
12/30348	Elisabeta Sandu	85,00 €
12/20130	María Ramos Torres	61,00 €
11/19020	Mª Goretti Dos Santos	170,00 €
11/29913	Fátima Jales Dos Anjos	146,00 €
11/30498	Francelina Martins Dos Anjos	85,00 €
11/19620	Fátima Dos Anjos Freitas	170,00 €
11/66	Lourdes Dos Anjos	61,00 €
11/30829	Begoña Fernández Mota	303,00 €
11/137	Dolores Rouco Padín	85,00 €
13/30882	Purificación Jiménez Hernández	170,00 €
13/19858	Inmaculada Medina Donoso	109,00 €
13/15069	Begoña Jiménez Hernández	340,00 €
5/000013	Montserrat Martínez Comesaña	122,00 €
5/27249	Sara Dos Anjos	61,00 €
5/264	Genara Sierra Vázquez	85,00 €
2004/503	Iluminada González Zurdo	85,00 €
16/30626	J Ramón Méndez Pastoriza	231,00 €
16/5828	María Rugnone Seijas	218,00 €
16/25901	Patricia Curras Prieto	170,00 €
16/30503	Rosa Jiménez Salazar	109,00 €
16/26720	Rosa M Sánchez Serantes	218,00 €
2004/000	Mónica García Alvarez	170,00 €
11/30478	Irina Turcu	109,00 €
13/27939	Elvira Moure Sánchez	109,00 €
13/28955	Raquel Alonso Pérez	61,00 €
15/52565	Pilar González Delgado	61,00 €

15/24814	Teresa Villaescusa Ruiz	109,00 €
15/6361	Yolanda Iglesias Pérez	85,00 €
15/52560	Leticia Chantada Carballo	146,00 €
13/28817	Erika Pastora Molina Quintero	170,00 €
5/16417	Patricia Barciela Lorenzo	85,00 €
<u>EXPTE</u>	<u>TITULAR</u>	<u>CANTIDADE</u>
15/000014	Isabel Sierra Falcón	146,00 €
12/25872	Nieves Cameselle Bernárdez	85,00 €
14/13188	Alfredo Rodríguez Gil	109,00 €
13/30877	Carmen Vilas Moroño	85,00 €
15/26222	Julio Cota Piñeiro	279,00 €
11/17504	Rosa Da Conceicao Dos Anjos	170,00 €
11/948	Juan Ramón Paz Castiñeiras	109,00 €
11/30499	Carmen Machado Carvalho	61,00 €
12/26118	Mónica Aguirre Estévez	61,00 €
15/27839	Mª Jesús Suárez Nogueira	85,00 €
11/000023	Daisy Susana Serebriski	85,00 €
41/000000	Angela Núñez Diez	109,00 €
41/000000	Sonia Comesaña Carreira	85,00 €
41/000000	Visitación Borges Expósito	85,00 €
41/25822	Rosa M Bompastor Figueiredo	109,00 €
22/1055	Ana Esmeralda López Sánchez	85,00 €
22/987	Soledad Lara Alonso Burón	146,00 €
22/731	Amparo Cáceres	170,00 €
2/770	Marisol Navarro Fernández	146,00 €
1/822	Mao Koma	61,00 €
1/840	Humberto Londoño Sandoval	194,00 €
1/902	Alejandra Mañosca Zuluaga	194,00 €
2/663	José L Araujo Santalices	85,00 €
2/663	Ramona Fernández Seoane	61,00 €
21/804	Rubén Serrano Llanos	61,00 €
23/369	Leticia Mejía Sandoval	85,00 €
21/676	Gaby M Avila Almendras	231,00 €
13/921	Carmen Y Yugcha Robres	170,00 €
12/529	Dolores Fernández Fernández	146,00 €
16/27216	Francisca Filgueiras Fernández	194,00 €
12/837	Cristian F Olivera Arias	85,00 €
12/835	Sandra Gutierrez Palacios	146,00 €
0000	Marianela Pintos Bidean	146,00 €
16/26736	M José Gil Vila	61,00 €
14/812	M José Rodríguez González	146,00 €
12/610	Patricia Coronel	170,00 €

21/847	Dominga Castro Terrazas	364,00 €
1/927	Fátima Pais Rodríguez	194,00 €
13/30561	M Gabriela Frugoni Escobar	61,00 €
0000	Carmen Jiménez Giménez	231,00 €

12(1607).- RETRIBUCIÓN DA CONCESIONARIA AQUALIA FCC VIGO UTE, CON EFECTOS DO 1 DE XANEIRO DE 2004. EXPTE. 100428/140.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Investimentos, do 22.11.04, conformado pola interventora xeral e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Con data 26 de agosto de 2004, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, a entidade Aqualia (na súa denominación anterior UTE SERAGUA FCC) solicita desta Administración Municipal a actualización da súa retribución, con efectos de 1 de xaneiro de 2004, en contraprestación do servizo prestado a través da xestión integral da subministración de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais propoñendo unha retribución de 0,8714 €/m³ de auga facturada.

Unha vez analizada a referida petición, esta xefatura emite o seguinte informe:

- 1º *O excelentísimo Concello Pleno na sesión de data 29 de setembro de 2003 acordou: establecer como retribución da concesionaria do servizo, con efectos do 1 de xaneiro de 2003 a cantidade de 0,8558 €/m³. A actualización interesada pola entidade supón un incremento do 1,82% sobre o actualmente existente.*
- 2º *Non procede efectuar ningunha precisión ós factores integrantes da retribución, que a marxe se reseñan, toda vez que a súa repercusión non experimentou variación ningunha con respecto ó expediente de retribución dos exercicios 2002 e 2003, polo que se dan por reproducidas as manifestacións e xustificacións contidas nos informes desta xefatura de data 14 de agosto de 2002 e 28 de agosto de 2003.*

Os referidos factores constitutivos e a repercusión proposta son as que a continuación se detallan:

-	<i>Custo financeiro recuperación préstamo EMAVISA</i>	<i>0,1305 €/m³</i>
-	<i>Canon municipal</i>	<i>0,0300 €/m³</i>
-	<i>Recuperación financeira dos terreos e investimentos E.D.A.R. Lagares</i>	<i>0,0111 €/m³</i>
-	<i>Financiamento explotación E.D.A.R. colectores período 1/8/98-31/12/98</i>	<i>0,0032 €/m³</i>

- 3º *Con respecto ós factores custo unitario explotación e recuperación do plan de investimentos, é de significar o seguinte:*

- a) *Custo unitario de explotación.- O concepto de custo unitario aparece claramente definido na cláusula 3ª do prego de condicións económico- administrativas, e comprende todos aqueles gastos que son imputables ó mantemento, conservación e explotación da infraestrutura de*

abastecemento e saneamento adscrita o servicio público. Na referida cláusula establece que a súa determinación efectuarase en €/m³ de auga facturada.

O custo unitario actualmente vixente, de conformidade coa última modificación de retribución aprobada (Pleno de data 29/09/2003) ascende a 0,4711 €/m³, e para a súa retribución deberase estar o previsto nas cláusulas 85 e seguintes do prego de condicións económico-administrativas, que para tal efecto establece a seguinte fórmula polinómica:

$$K(t) = a \frac{H(t)}{H(o)} + b \frac{E(t)}{E(o)} + c \frac{S(t)}{S(o)} + d \frac{G(t)}{G(o)} + 0,05$$

Os índices finais o termo de cada factor constitutivo están referidos o mes de decembro de 2003, e os iniciais a decembro de 2002 de tal sorte que se enlaza a serie establecida na última actualización do custo unitario.

Respecto o factor man de obra preveuse un incremento do 5,67%, que resulta do seguinte cálculo:

IPC real 2003 – previsión do IPC formulada no expediente de actualización de retribución anterior (2%) + crecemento vexetativo = 2,6% - 2% + 1% = 1,6%

Previsión do IPC 2004 = 4%

En resumen el incremento do custo de persoal é o seguinte:

$$1,6 \times 1,04 + 4 = 5,67$$

De conformidade co anteriormente exposto a revisión respondería a seguinte formulación:

$$K(t) = 0,606 \times \frac{105,67}{100} + 0,176 \times \frac{716,2}{709,8} + 0,108 \times \frac{1.804,7}{1.907,9} + 0,06 \times \frac{102,6}{100} + 0,05$$

$$K(t) = 1,031665$$

$$0,4711 \times 1,031665 = \underline{0,4860 \text{ €/m}^3}$$

- b) *Recuperación do plan de investimentos.- Achégase, a petición da entidade concesionaria o modelo de recuperación dos investimentos comprometidos e das desviacións detectadas sobre a tarifa media, que xa foron obxecto de aprobación ata o exercicio 2002, así como as previsionalmente imputables ó ano 2003.*

A estrutura do modelo financeiro, os parámetros nel incluídos e a súa forma de cálculo non alteran en forma ningunha as formulacións de tarifa media que serviron de base para aprobación de anteriores expedientes de actualización de retribución e de revisión de taxas.

Nembargantes o anterior, é de significar que o carácter puramente dinámico do modelo financeiro esixe a súa actualización ou axuste ó peche de cada exercicio económico, e en tal sentido debe destacarse a introducción de certas modificacións nas variables que a continuación se explicitan:

1º Actualización das desviacións rexistradas no exercicio 2003:

- Referidas á tarifa media.- De conformidade coa certificación emitida polo Director de Administración e Finanzas de Aqualia, os resultados de explotación son os seguintes:

Vólume de facturación: 36.894.810 m³.
 Importe: 30.290.301,32€ (IVE excluído)

A tarifa media real e a seguinte: $\frac{30.290.301,32€}{36.894.810m^3} = 0,8210 \text{ €/m}^3$

Tendo en conta que a tarifa media ou retribución aprobada (Pleno 29/9/2003) ascende a 0,8558 €/m³, a desviación por este concepto supón:

$$(0,8558 - 0,8210) \times 36.894.810 = 1.283.939,39€$$

- Relacionadas co custo financeiro da recuperación do préstamo de EMAVISA.- No modelo financeiro establecíase unha previsión de desviación para o exercicio de 2003, por este concepto, de 1.015.085€ tendo en conta a diferenza entre a prognoses incluída na oferta do licitador e a posteriormente axustada, segundo acordo Plenario de 09/11/1998.

A diferenza a favor da Administración Municipal queda establecida en 313.645,53€, segundo o seguinte:

$$(34.491.396m^3 - 36.894.810 m^3) \times 0,1305 \text{ €/m}^3 = (313.645,53€)$$

Por tanto deberá incluírse no modelo de recuperación a cantidade de 1.985.379€ en concepto de desviación total do exercicio 2003.

2º Corrección da prognose de demanda do abastecemento para o exercicio 2003, modificándose a previsión inicial de facturación pola cifra realmente de demanda, que ascendeu a 36.894.810m³. Neste sentido parece conveniente resaltar que se continúa observando unha tendencia favorable da evolución da demanda de abastecemento e por tanto das cifras de facturación previstas no modelo económico previsional, elaborado segundo acordo plenario de 9/12/1998, segundo o seguinte detalle:

DEMANDA ABASTECIMIENTO

ANO	MODELO FINAN. RECUPERACIÓN PLENO 9/11/98	VOLUMEN REAL FACTURADO	DIFERENCIA M ³	VARIACIÓN
2003	34.491*	36.894*	2.403*	+6,97%

**Miles de m³*

3º *O tipo de xuro previsto no modelo financeiro para o exercicio 2004 establécese no 6,44%, cunha redución de 1,49 y 0,96 puntos porcentuais con respecto a previsión de evolución desta magnitude establecida no modelo financeiro pola entidade PRICE WATERHOUSE COOPERS, que prognosticaba un tipo de xuro do 7,93% e 7,40% para o primeiro e segundo semestre respectivamente do actual exercicio económico.*

4º *Permanece invariable a prognose de evolución da demanda do abastecemento, introducida no acordo plenario de 9/11/98, que establecía un incremento acumulativo do volume a facturar equivalente o 1,64% a partir do exercicio 1998 se ben as cifras de facturación reflectidas nos anos 1998, 99, 00, 01, 02 y 03 correspóndese coas realmente consumidas.*

5º *Os tipos de xuros a partir do ano 2005 coinciden cos establecidos no modelo de cálculo elaborado pola consultora PRICE WATERHOUSE COOPERS segundo a evolución prevista do custo total medio do dito parámetro, sen prexuízo das actualizacións que procedan unha vez comprobado o custo financeiro real de cada ano.*

6º *Actívanse no modelo de recuperación os proxectos encargados a entidade concesionaria, en virtude do acordo plenario de data 31/3/2003, relativos a “subministración de auga o Concello de Vigo, conexión O Casal-Valladares e peche perimetral (7.049.844,65€)” e “mellora do abastecemento na parroquia de Beade dende a conducción da subministración o parque tecnolóxico (769.004,64€)”, así como os incluídos no convenio suscrito coa entidade concesionaria de conformidade co acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 20/9/2004, cuías actuacións totalizan a cantidade de 15.257.376. Os referidos investimentos son repercutidas entre o mes de maio de 2003 e agosto de 2005, segundo a previsión do pagamento das obras e sen prexuízo da súa regulación, unha vez verificados as correspondentes certificacións.*

Malia o anterior e de significar que a execución do dito investimento non será recuperada pola entidade concesionaria ata o exercicio 2005, que detraerá a contía suficiente do canon dispoñible ata lograr a súa total cancelación nos termos que establece o citado acordo plenario.

Coas matizacións expostas á tarifa de recuperación do plan de investimentos para o ano 2004, sitúase no 0,2106 €/m³.

7º *Exclúense do modelo de recuperación de investimentos as cantidades que resultaron impagadas polos usuarios de carácter doméstico e industrial así como as contraídas polo concello de Porriño, entre os exercicios 1991 e 2002, por un importe total de 640.477,42€. Motívase o establecemento da dita provisión na eliminación de tensións que se porían de manifesto ó termo do período concesional, todo isto sen prexuízo de que se activen os cobramentos unha vez prosperen as xestións que se realizan en vía de constrinximento.*

Como conclusión cabe dicir que a retribución da concesión, con efectos do 1 de xaneiro de 2004 e durante o dito exercicio ascende a 0,8714 €/m³, con arranxo a seguinte descomposición de factores:

- Custo unitario:	0,4860 €/m ³
- Custo financeiro recuperación préstamo EMAVISA:	0,1305 €/m ³
- Financiamento explotación EDAR e colectores, (período 1/8/98-31/12/98):	0,0032 €/m ³
- Recuperación plan de investimentos: Recuperación financeira dos terreos e investimentos EDAR lagares:	0,2106 €/m ³
- Canon municipal:	0,0300 €/m ³

En consonancia co contido do presente informe esta xefatura proponlle a Xunta de Goberno Local, tralo conforme da Intervención Xeral a adopción do seguinte acordo:

- 1º Establecer como retribución da concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, Aqualia, a cantidade de 0,8714 €/m³ de auga facturada, con efectos do 1 de xaneiro de 2004.
- 2º Requirir a entidade concesionaria do servizo para que proceda a ingresar o canon a favor desta Administración Municipal na forma e prazos que establece o prego de cláusulas económica administrativas que rexeu o concurso convocado para o outorgamento da concesión administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

NESTE INTRE INCORPORASE A SRA. INTERVENTORA XERAL Á REUNION.

13(1608).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS. EXPTE. 5930/255.

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión do 12.07.04 aprobou o expediente de contratación por concurso da prestación dos servizos de limpeza, acondicionamento e mantemento integral dos cemiterios municipais.

Con data 7.10.04 o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local certifica que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo publicado no DCE nº 161, no BOE nº 210, no DOG nº 180 e no BOP nº 179 de datas 19 de agosto, 31 de agosto e 15 de setembro respectivamente, presentáronse no Rexistro Xeral as seguintes propostas: 1) Simco S.L. e 2) el Elsamex S.A.

A Mesa de Contratación en sesión do 18.10.04 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo as propostas e pasándoas a informe do Servizo de Cemiterios, que foi emitido con data 11.11.04 polo xefe do Sector de Acción Social proponendo a adxudicación á empresa Elsamex S.A.

Posteriormente a Mesa de Contratación de data 15.11.04 solicitou ao devandito técnico informante unha aclaración sobre as puntuación outorgadas, que deu lugar a un informe complementario de data 16.11.04 emitido polo xefe do Sector de Acción Social.

Con data 22.11.04 a Mesa de Contratación, á vista dos precedentes informes, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Elsamex, S.A. o concurso para a contratación do mantemento integral dos cementerios Municipais por un importe de 179.515,38 euros. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 12.07.2004 e a oferta presentada.

14(1609).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR CONCURSO DA XESTIÓN DO SERVIZO ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “COSTEIRA” DE SAIÁNS. EXPTE. 6251/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de prescricións técnicas asinado pola xefa do Servizo de Educación, o 7.10.04, e conformado polo concelleiro de Área de Asuntos Sociais, o prego de cláusulas administrativas do xefe de Negociado de Contratación, do 15.11.04, ambos para a contratación por concurso dos servizos de xestión da Escola Infantil municipal “Costeira de Saiáns” de Vigo; visto o informe xurídico de 18.11.04 e de acordo co informe-proposta do devandito xefe de Negociado de Contratación do 15.11.04, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 172.000 euros/ano para a prestación dos servizos de xestión da escola infantil municipal “costeira de Saians” que se imputarán á partida 442.0.227.06.07 do presuposto do ano 2005 e sucesivos.

2º.- Aprobar o gasto de ata un máximo de 12.000.- € con cargo á partida 422.0.227.06.07 do presuposto do ano 2005, a favor da empresa que resulte adxudicataria da xestión do servizo, para que adquiera o material non inventariable preciso para a posta en marcha da Escola.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas e técnicas para a prestación dos servizos de xestión da escola infantil municipal “costeira de Saians” de Vigo.

4º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

15(1610).- RECLAMACIÓN DE DANOS:

a) DIEGO PENA RODRÍGUEZ. EXPTE. 15312/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Xestión do Servizo de Patrimonio e Contratación do 30.09.04, en relación coa reclamación de D. Diego Pena Rodríguez por

danos persoais producidos por accidente de tráfico como consecuencia dunha mancha de gasoil na calzada, visto o dictame desfavorable do Consello Consultivo de Galicia do 5.11.04 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 24.11.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Diego Pena Rodríguez e indemnizalo coa cantidade de 1.228,00 €.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-l-i) do devandito Regulamento.

b) **EMILIANO VOCES DE ONAINDI. EXPTE. 16437/240. ESTIMADA PARCIALMENTE.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Xestión do Servizo de Patrimonio e Contratación do 27.09.04, en relación coa reclamación de D. Emiliano Voces de Onaindi por danos persoais sufridos por unha caída na rúa ao tropezar cunha baldosa anormalmente alzada, visto o dictame desfavorable do Consello Consultivo de Galicia do 5.11.04 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 24.11.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Estimar a reclamación a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Emiliano Voces de Onaindi e indemnizalo coa cantidade de 1.736,00 €

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-l-i) do devandito Regulamento.

16(1611).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN DAS HUMIDADES NO MERCADO DA PEDRA. EXPTE. 42662/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o acordo da Mesa de Contratación do 7.12.04, sobre o asunto de referencia, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Declarar deserto o procedemento de negociado para a execución das obras de reparación de humidades no Mercado da Pedra, por non ser admitidas ningunha das propostas presentadas.

2º.- Iniciar un novo procedemento de negociado para a contratación das obras.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

17(1612).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA EMPRESA SIMON MUSIC PARA A ORGANIZACIÓN DO I FESTIVAL DE HIP HOP. EXPTE. 1226/336.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xuridico do 10.12.04 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude do 3.12.04, conformado pola concelleira delegada de Xuventude e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a empresa Simon Music, para a organización do I Festival de Hip Hop.

2º.- Facultar á concelleira delegada de Xuventude para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 24.000 .-euros, con cargo á partida 4520.226.08.05, do programa presupostario de Xuventude para o exercicio 2004, para facer fronte ó estipulado no convenio e que se aboará á empresa SIMÓN MUSIC S.L., CIF B-368667544.

4º.- Que o citado pagamento se realice a través da conta de habilitación de XUVENTUDE 2080 0000 7 0 0040249679.

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO I FESTIVAL DE HIP HOP

Vigo a, dous de decembro de dos mil catro,

REUNIDOS

De unha parte, DªLUCÍA MOLARES PÉREZ, CONCELEIRA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E DESENVOLVEMENTO LOCAL, e en representación do Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, e con domicilio na cidade de Vigo, Praza do Rei, s/n, CP 36202; no sucesivo O CONCELLO.

De outra parte D FRANCISCO JAVIER GONZALEZ QUINTANA, XERENTE e que actúa en nome da empresa denominada SIMÓN MUSIC S.L., CIF B-36866754, e con domicilio en Couto de San Honorato nº 24 7º B, da cidade de Vigo,; no sucesivo O PROMOTOR.

MANIFESTAN

A.- Que O PROMOTOR é unha empresa que se adica á organización e realización de espectáculos musicais en todo o territorio nacional.

B.- Que O CONCELLO está interesado en que se celebren na cidade de Vigo eventos de carácter cultural, concretamente relacionados coa música, que aglutinen a un importante número de público xove.

C.- Que O PROMOTOR e O CONCELLO están en condicións de levar a cabo a organización do “I FESTIVAL DE HIP HOP ” na cidade de Vigo, con artistas internacionais e españois de primeira orde.

Polo que, en consideración ó anteriormente exposto, o Concello de Vigo e a empresa Simón Music S.L. establecen a súa relación mediante o presente pre-convenio, que se rexirá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é establece-la relación entre O CONCELLO e O PROMOTOR para a realización e organización do I FESTIVAL DE HIP HOP, a desenvolver na cidade de Vigo o día 29 de decembro segundo o programa que figura como anexo I do presente documento.

SEGUNDA.-O CONCELLO adquire respecto ó PROMOTOR os seguintes compromisos:

- 1. Achega-la cantidade total de 24.000 .-euros, con tódolos conceptos e impostos incluídos, en concepto de colaboración na organización e realización do festival, con cargo á partida 4520.227.06.05, do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2004.*
- 2. A realización da produción integral necesaria para a realización do festival, segundo o que se detalla no anexo II do convenio. O CONCELLO non asumirá ningunha cuestión técnica a maiores das relacionadas no citado anexo.*
- 3. Facilita-la xestión de tódolos permisos de carácter municipal necesarios para a celebración do concerto, para o que O PROMOTOR cumprimentará de inmediato tódolos requerimentos técnicos e trámites de calquera índole que sexan necesarios.*

TERCEIRA.- O PROMOTOR asume respecto ó CONCELLO os seguintes compromisos:

- 1. Aporta-los artistas que figuran no programa do festival (anexo I) con tódolos conceptos incluídos (cachés, desprazamentos, manutencións, aloxamentos...).*
- 2. Aporta-los equipos de son e luces necesarios para a realización dos espectáculos.*
- 3. Edita-lo material gráfico necesario para a difusión do programa obxecto do convenio (carteis, entradas...), así como realiza-la campaña publicitaria correspondente. O PROMOTOR deberá incluír ó logotipo e angrama oficial da Concellería de Xuventude, como colaborador principal do festival en toda a difusión e promoción publicitaria que se realice do mesmo (en medios de prensa escrita, radiofónicos, televisivos, publicidade impresa...).*
- 4. Asumir un seguro de responsabilidade civil con vixencia durante todo o desenvolvemento do festival.*
- 5. Entregar unha memoria-resumo do festival nos quince días hábiles seguintes á súa finalización, no que se contemple entre outros os seguintes datos: presuposto final de ingresos e gastos, follas de taquilla, asistentes totais ao concerto, memoria de prensa...*

CUARTA.- O PROMOTOR é un empresario que promove este festival por iniciativa propia, polo que tódolos gastos, riscos e obrigas derivadas do mesmo serán pola súa conta; por este motivo, será o único responsable de toda a organización do festival, coa supervisión do persoal técnico da Concellería de Xuventude.

QUINTA.- O PROMOTOR deberá presentar antes da sinatura do presente a seguinte documentación que figurará como anexo do mesmo:

- a) Referente á súa empresa: fotocopia do C.I.F.; fotocopia das escrituras de constitución e estatutos, así como as posibles modificacións rexistradas; certificación de estar ó día no pagamento das súas obrigas con Facenda e coa Seguridade Social; certificación bancaria; certificación de no tener débedas pendentes co Concello de Vigo; fotocopia do NIF do asinante deste documento.*
- b) Referente ó concerto: campaña publicitaria a realizar, aforo de entradas, puntos de venda anticipada, horarios de apertura de portas e comenzo de cada unha das actuacións, servizos existentes no recinto durante as actuacións, presuposto detallado de ingresos e gastos previstos, así como calquera outra información de interese relativa á organización do mesmo.*

SEXTA.- O PROMOTOR intentará realiza-las xestións oportunas para conquri-los permisos necesarios para que os reporteiros gráficos, televisivos e radiofónicos que emiten na Comunidade Autónoma galega poidan fotografar, grabar e filmar parte do festival.

Así mesmo, O PROMOTOR intentará realiza-las xestións oportunas para que se realice unha rolda de prensa dos artistas para os medios de comunicación da Comunidade Autónoma galega.

SÉTIMA.- O PROMOTOR será o responsable da entrega da taquillaxe do festival aos puntos de venda anticipada e será o único facultado para realizar liquidacións ou retencións do importe que se recaude coa venda das entradas, así como será o único responsable de relacionarse cos citados puntos.

O prezo de venda de entradas establécese en 10 €.

Así mesmo, O CONCELLO disporá dun total de 100 bonos-convitacións do festival, para atende-los seus compromisos protocolarios.

A recaudación íntegra da taquilla do espectáculo será para O PROMOTOR.

OITAVA.- O CONCELLO autoriza á EMPRESA á explotar as cantinas que instale no recinto interior, baixo o cumprimento das condicións esbrecidas no anexo III.

NOVENA.- O CONCELLO realizará o pagamento do importe estipulado na cláusula segunda do presente convenio (24.000 .-euros), unha vez cumprido o convenio, previa presentación da factura correspondente.

DÉCIMO.- Os mecanismos de seguimento do presente convenio estipúlanse mediante a presenza do persoal técnico da Concellería de Xuventude desinado polo CONCELLO, no recinto de actuación o día do Festival, e que deberá contar cun pase especial para acceder a calquera dependencia do mesmo, salvo as prohibicións contractuais dos artistas, e en base á memoria que presente O PROMOTOR.

DÉCIMO SEGUNDA.- O CONCELLO e O PROMOTOR non asumen ningún outro compromiso distinto ós estipulados no presente convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2004, e non será prorrogable.

DÉCIMO CUARTA.- A Xunta Local de Goberno do Concello de Vigo queda facultada para resolver cantas cuestións poideran derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente convenio, así como tomar iniciativas que contribúan o seu bó desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan ambas partes este convenio por triplicado, a un só efecto no lugar e data indicados

*ANEXO I
PROGRAMA DO I FESTIVAL DE HIP HOP
29 de decembro de 2004*

*PROGRAMA:
Jazzy Jeff (U.S.A)
Shotta
Juaninacka
Roty 340
Micro aberto a grupos locais & Black Shadows (Break)*

*ANEXO II
PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA O FESTIVAL*

1. SONIDO E ILUMINACIÓN.

O PROMOTOR instalará para a actuación de OS ARTISTAS os seus propios elementos de equipos de sonido e iluminación.

2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.

2.1. ESCENARIO.

*O CONCELLO porá a disposición do PROMOTOR, un escenario que reunirá as seguintes características:
Dimensións mínimas.-12. de fronte, 10m. de fondo e unha altura dende o chan de 1'80 m.con alas de 4m x 6 m.*

3. VALADO.

O CONCELLO porá a disposición do promotor un sistema de valado composto por un total de 24 valas.

4. MANTENEMENTO.

O CONCELLO facilitará ao PROMOTOR o material necesario para a protección do chán do pavillón. Dito material será transportado e colocado polo PROMOTOR .Así mesmo ocuparase do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ó seu cargo do persoal e materiais adecuados.

5. SEGURIDADE.

O PROMOTOR disporá dun equipo humano para realiza-lo servicio de orden que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedi-la proximidade de persoas ó escenario, camerinos, "backstage", equipos de sonido e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respetuosa coas persoas. O servicio de orden cumprirá as obrigas de seguridade que se atribúan ó CONCELLO neste contrato.

E en proba de conformidade, asinan ambas partes este anexo técnico por triplicado, a un só efecto no lugar e data indicados no convenio

ANEXO III

EXPLOTACIÓN DE CANTINAS E QUIOSCOS:

O CONCELLO cederá ao PROMOTOR a explotación de cantinas dentro do pavillón durante a duración do festival. O persoal, os produtos e utensilios que se expoñan en cada posto deberán respecta-las normas sobre hixiene, seguridade e demais disposicións impostas pola lexislación vixente.

Tódolos utensilios, aparatos e establecementos que sexan necesarios para a explotación dos bares deberán ser por conta dos adxudicatarios.

A venda de calquera tipo de bebidas ou produtos non poderán realizarse en envases de vidro, metálicos ou en calquera outro material que pola súa propia natureza ou como consecuencia da súa manipulación, sexa susceptible de causar dano a persoas ou bens.

E en proba de conformidade, asinan ambas partes este anexo técnico por triplicado, a un só efecto no lugar e data indicados no convenio

18(1613).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA EDICIÓN DUNHA GUÍA DE SERVIZOS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 564/321.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do Servizo de Atención Cidadá, do 9.11.04, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, o prego de cláusulas administrativas asinado polo xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 17.11.04, ambos para a contratación da edición da Guía de servizos deportivos do Concello de Vigo; visto o informe xurídico de 18.11.04, e de acordo co informe-proposta do devandito xefe de negociado, de 17.11.04, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 16.000 euros para a contratación da edición de unha guía de servizos deportivos do Concello de Vigo que se imputarán á partida 4631.226.02.01 do presuposto do ano 2004.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas e técnicas para a edición de unha guía de servizos deportivos do concello de Vigo.

3º.- Solicitar oferta a tres profesionais capacitados para a execución do contrato

19(1614).- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO PARA A ORGANIACIÓN DE AULAS DE MÚSICA NO EXERCIZO 2004. EXPTE. 8569/331.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de actividades culturais, do 3.12.04, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, o concelleiro de Área de Servizos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Conceder unha subvención por un importe total de 30.000.-€ a favor da Federación de Bnadas de música populares de Vigo, CIF G-36855906, pola organización das aulas de música durante o exercicio 2004, con cargo á partida 451.0.489.00.00 do programa presupostario de Cultura para o exercicio 2003 prorrogado.

2º.- Que o pagamento da subvención se efectúe mediante transferencia bancaria e se tramite unha vez presentada, a través do Rexistro Xeral, a seguinte documentación xustificativa:

- a) Solicitud de liquidación da subvención concedida.
- b) Memoria-avaliación da actividade ou programa subvencionado, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:
 - Datos sobre os participantes.- número, perfil, etc.
 - Explicación detallada do desenvolvemento da actividade.
 - Memoria de prensa.
 - Relación detallada de ingresos e gastos.
 - Balance económico das actividades:
 - *Gastos: Facturas orixinais polo importe subvencionado e fotocopia compulsada de facturas ata un importe equivalente ao dobre da subvención concedida. Neste sentido, non se admitirán facturas duplicadas, nin aquelas que non reúnan as condicións esixidas polo art. 6 do R.d. 1496/2003 polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumben a empresarios e profesionais.
 - *Ingresos.- Detalle das contías ingresadas por todo os tipos de conceptos: contribución económica da entidade beneficiaria da subvención ; contías das subvencións recibidas de institucións; achegas económicas doutros patrocinadores; ingresos diversos, contías e procedencia.

20(1615).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE DÚAS TÉCNICAS LOCAIS DE EMPREGO E BASES PARA A SELECCIÓN DUN/HA NOVO/A. EXPTE. 2897/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 10.12.04, que di o seguinte:

Dentro do Servizo de Desenvolvemento local e emprego do Concello de Vigo veñen prestando os seus servizos, dende o 28/12/00, dúas técnicas locais de emprego, subvencionadas pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais no ámbito da colaboración desta Concellería e as entidades locais, a través dos programas de cooperación, segundo resolución de 30 de novembro de 2000. Con data 01/10/04 presentouse na delegación da citada Consellería solicitude para a prórroga destas técnicas así como para a contratación dun/dunha novo/a técnico/a local de emprego ó abeiro do disposto na Orde do 29 de xullo de 2004, e en base ao acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/09/04 (expediente nº 2.714/077). O 3 de decembro de 2004, ás 14:42 h, a Delegación Provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais remite, por fax, as resolucións aprobatorias das prórrogas das contratacións das dúas técnicas locais de emprego (achéganse copias), así como a referida á contratación dun/ha novo/a. Estas consisten no seguinte:

Concepto	Subvención total concedida	Nº de traballadores	Duración
Prórrogas das dúas técnicas locais de emprego	15.748,92 euros	2	12 meses
Contratación novo/a técnico/a	20.998,51 euros	1	12 meses

Estas contratacións están subvencionadas do seguinte xeito: as prórrogas subvenciónanse co 30% dos custos totais e a nova contratación co 80% dos custos totais, polo que o Concello de Vigo terá que cofinanciar esas contratacións. En aplicación do establecido no Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, na modalidade de técnicos e xestores, as retribucións e o custo total para a categoría de técnico medio a aplicar son as seguintes:

Categoría	Importe bruto mes (12 pagas)	Cotización SS empresa	Custo total mensual	Custo total anual
Técnico medio	1.653,45	533,90	2.187,35	26.248,20

Deste xeito, o Concello terá que cofinanciar 36.747,48 euros para as prórrogas das dúas técnicas locais de emprego, e 5.249,69 euros para a contratación do/a novo/a técnico/a, que deberán facerse efectivos no vindeiro exercicio de 2005.

Considerando os satisfactorios resultados acadados ata agora e constatando a grande demanda existente deste servizo, dado o carácter emprendedor que caracteriza á cidade de Vigo, considérase imprescindible prorrogar as contratacións das dúas técnicas que, ata agora, veñen prestando este servizo. Por outra banda, tanto a Resolución aprobatoria como a Orde que a regula, establecen que será a través dunha oferta xenérica á oficina de emprego o xeito de seleccionar candidatas para a nova contratación. Coas persoas candidatas que envíe o Servizo público de emprego, o Concello deberá establecer un proceso de selección que permita contratar á persoa candidata máis idónea. En coherencia co proceso seguido no seu día para a selección das actuais técnicas locais de emprego, achégase con este informe-proposta as bases dun procedemento similar ao levado a cabo no seu día.

Tendo en conta a premura coa que a Xunta de Galicia indica que hai que desenvolver este procedemento (novo contrato con anterioridade ao 20 de decembro e o 28/12/04 data das prórrogas), seguindo instrucións da Concelleira delegada e en base ao establecido na citada Resolución e Orde, xa se ten tramitado a correspondente oferta xenérica á correspondente oficina de emprego (achégase copia).

Por todo o anteriormente exposto, faise a seguinte PROPOSTA á Xunta de Goberno Local...”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co devandito informe, acorda:

1º.- Aprobar as BASES PARA A SELECCIÓN DE UN TÉCNICO LOCAL DE EMPREGO, que de seguido se transcriben, para a contratación de un/ha novo/a Técnico Local de Emprego.

2º.- Formalizar as prórrogas das dúas técnicas locais de emprego actualmente contratadas, por un novo periodo de un ano, en base ao establecido nas Resolucións de data 03/12/04.

3º.- Realizar, nos primeiros días do ano 2005, a correspondente transferencia de créditos para o cofinanciamento destas contratacións, por un importe total aproximado de 41.997,17 euros, dende as partidas presupostarias municipais destinadas ás contratacións de fomento do emprego (3220 141 00 00 e 3220 160 00 00) ás que se xeren coas subvencións recibidas.

BASES PARA A SELECCIÓN DE UN TÉCNICO LOCAL DE EMPREGO Decembro 2004

Técnicos locais de emprego. Segundo a normativa de regulación, as funcións dos Técnicos Locais de Emprego serán as seguintes:

- a) Prospección de recursos ociosos ou infrautilizados, de proxectos empresariais de promoción económica local e iniciativas innovadoras para a xeración de emprego no ámbito local, identificando novas actividades económicas e posibles emprendedores.*
- b) Difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividade entre os desempregados, promotores e emprendedores así como institucións colaboradoras.*
- c) Acompañamento técnico na iniciación de proxectos empresariais para a súa consolidación en empresas xeradoras de novos empregos, asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira e, en xeral, sobre os plans de lanzamento das empresas.*
- d) Apoio ós promotores das empresas, unha vez constituídas estas, acompañándoos tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento, mediante a plicación de técnicas de consultoría en xestión empresarial e asistencia nos procesos formativos adecuados para contribuír á boa marcha das empresas creadas.*
- e) Calquera outra que axude á implantación das políticas activas de emprego na súa zona de influencia.*

Nº de postos: 1

Características dos contratos: Os contratos laborais (por obra/servicio de duración determinada) terán as características establecidas no Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, por un ano de duración, co nivel retributivo contemplado no Acordo para titulado medio (modalidade Técnicos e Xestores).

Procedemento de selección:

1. Realización de oferta xenérica á Oficina de Emprego de López Mora para o posto de “Técnico Local e Emprego”. Cinco candidatos por praza.
2. Valoración dos currícula enviados. Esta función realizarana o Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello. Cos currícula valorados (segundo o baremo que a continuación se indica), a Comisión de Selección definirá o número de candidatos que pasarán a entrevista persoal, para acadar unha puntuación final que permita seleccionar á persoa máis idónea para o posto de traballo en cuestión (a entrevista persoal ante a Comisión de Selección terá unha puntuación máxima de 5 puntos que se sumarán á puntuación obtida na valoración dos currícula).

Criterios de baremación para Técnicos Locais de Emprego:

- 1º) *Experiencia (como técnico local de emprego) en programas ou proxectos de emprego na administración local: 0,1 ptos por mes (máximo 5 ptos).*
 - 2º) *Formación complementaria: 0,10 ptos por cada curso de entre 20 e 49 horas; 0,20 ptos por cada curso de entre 50 e 249 horas; e 0,40 ptos por cada curso de 250 e máis horas, todos eles relacionados coa actividade (máximo 2 ptos).*
 - 3º) *Coñecementos de galego: Curso de Iniciación: 0,5 ptos; Perfeccionamento: 1 pto; Outros cursos: 0,5 ptos. Só se computará o de maior puntuación.*
 - 4º) *Outros méritos (coa mesma puntuación que no punto 2º): informática e idiomas ata un máximo de 2 ptos.*
3. *A composición da Comisión de Selección será a seguinte:*
 - *A Concelleira de Promoción económica e desenvolvemento local, ou persoa en quen delegue.*
 - *2 Técnicos municipais, designados pola Concelleira de Promoción económica e desenvolvemento local.*
 - *Un representante da parte social do Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007.*

21(1616).- CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA O DISPOSITIVO DE INTEGRACIÓN GLOBAL DE COLECTIVOS DESFAVORECIDO, AO ABEIRO DA PRÓRROGA DO CONVENIO COA CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS APROBADO NA X.GOVERNO O 29.11.04. EXPTE. 11174/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 10.12.04, e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 2.12.04, conformado polo xefe de Sector de Acción Social e polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

Contratar dende o 01.01.05 ata o 31.12.05 para o dispositivo de integración global de colectivos desfavorecidos, o abeiro da prórroga do convenio de cooperación entre a Consellería de Asuntos Sociais e o Concello de Vigo para a implantación dun dispositivo de integración global para persoas desfavorecidas

residentes no termo municipal, para o ano 2005, en execución de determinadas accións do I Plan Galego de Inclusión Social as seguintes persoas:

- Psicóloga: D^a Montserrat Soto Sío
- Diplomado/a en Traballo Social: D. Carlos Sahuquillo Franco e
D^a M^a Patricia Martínez González
- Graduada Social: D^a Pilar Pita Balteiro
- Educadora Social: D^a Eva Susana Candeira Rodríguez
- Administrativa: D^a Paula Cremades Paz

O tipo de contrato será por obra ou servicio, e o gasto, incluída a Seguridade Social imputado á partida 3130.131.00.01, de acordo coas características que figuran no expediente.

Pola Unidade de Persoal formalizaráanse os contratos correspondentes, alta en Seguridade Social e demais trámites necesarios para a efectividade do presente acordo.

22(1617).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN VECIÑAL EDUARDO CHAO PARA A ORGANIZACIÓN DO DÍA DO ESTATUTO DE AUTONOMÍA 2004. EXPTE. 8577/331.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 9.12.04 e de acordo co informe-proposta do técnico de actividades culturais, do 9.12.04, conformado polo xefe do Departamento de Cultural, polo concelleiro de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Federación Veciñal “Eduardo Chao” para a organización do “*DÍA DO ESTATUTO DE AUTONOMÍA 2004*”.

2º.- Facultar ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o convenio.

3º.- Autorizar e dispor un gasto por un importe total de 6.000.-€, a favor da Federación Veciñal “Eduardo Chao”, CIF G-36681708, en concepto do estipulado no convenio, con cargo á partida 451.0.227.06.09 do programa presupostario de Cultura para o exercicio 2003 prorrogado.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO-FEDERACIÓN VECIÑAL
“EDUARDO CHAO” PARA ORGANIZACIÓN DO “DÍA DO ESTATUTO DE AUTONOMÍA 2004”*

Vigo, o xxxxxx de decembro de dous mil catro.

REUNIDOS

Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, concelleiro da Área de Asuntos Sociais do Concello de Vigo, CIF P-3605700- H, con enderezo en Vigo, praza do Rei, s/n, C.P. 36202; na súa representación.

Doutra parte, D. ELENA GONZÁLEZ SÁNCHEZ, presidenta da Federación Veciñal “Eduardo Chao”, CIF G – 36.681.708, con enderezo en Vigo, Praza da Princesa, 7, 2º andar, CP 36202, e en representación desta.

MANIFESTAN

Que a Federación Veciñal “Eduardo Chao” está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións e Entidades co número 82/89 e ten entre as súas competencias a promoción de actividades sociais e culturais nos distintos barrios da cidade de Vigo.

Que a citada federación está composta por trinta e dúas asociacións veciñais que levan a cabo unha importante labor social de divulgación da cultura tradicional galega, e que contan cun total de oitenta e tres agrupacións culturais. A función primordial da federación é a coordinación e dinamización das actividades que realizan estas asociacións.

Que dentro das actividades realizadas pola federación nos últimos anos atópase a conmemoración do “Día do Estatuto de Autonomía”, que contou coa colaboración do Concello de Vigo e cun grande éxito organizativo.

Que na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei reguladora de bases de réxime local faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Polo que, en consideración ao antes exposto establecen a súa relación mediante este convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entrambas entidades para a coorganización do “Día do Estatuto de Autonomía 2004”, que se celebrará o día 18 de decembro.

SEGUNDA.- Presuposto e financiación.

A actividade obxecto do presente convenio financiarase, de acordo co presuposto presentado pola Federación Veciñal “Eduardo Chao” e que ascende a un importe total de SEIS MIL EUROS (6.000.-) con todos os conceptos e impostos incluídos, con cargo á partida 451.0.227.06.09 do programa presupostario de Cultura para o exercicio 2003 prorrogado.

TERCEIRA.- Destinatarios.

A actividade recollida neste convenio está destinada ao público en xeral. O acceso será público e limitarase o número de asistentes ao aforo do lugar onde se realicen

CUARTA.- Obrigas da entidade.

As obrigas que asume a Federación Veciñal “Eduardo Chao” son as seguintes:

- 1.- Cumprir o programas obxecto deste convenio de acordo ao proxecto presentado.*
- 2.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.*
- 3.- Dotar de material e persoal á organización dos actos comprendidos na programación conxunta, ademais de cubrir os desprazamentos necesarios.*
- 4.- Editar e distribuír o material gráfico da programación que figura no convenio. En todos os casos deberá aparecer o logotipo e anagrama oficial da Concellería de Asuntos Sociais-Cultura, como coorganizador das actividades; esta cuestión faise extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que se realicen.*
- 5.- Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste convenio.*
- 6.- Devolver os locais e equipamentos cedidos polo Concello nas mesmas condicións da entrega. As perdas ou deterioros dos materiais ou instalacións serán restituídos pola Federación Veciñal “Eduardo Chao” dentro do período de vixencia do presente convenio.*
- 7.- Presentarlle ao Concello a memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, dentro dos 5 días seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual e o balance económico con detalle de gastos e ingresos.*
- 8.- Deberán obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas neste convenio.*

QUINTA.- Obrigas do Concello-Unidade de Cultura.

- 1. Realizar o pagamento do importe estipulado na cláusula segunda (6.000.-€) mediante transferencia bancaria á conta corrente 2080.0000.70.0040236959, domiciliada en Caixanova, e da que é titular a Federación Veciñal “Eduardo Chao”. Para poder efectuar este pagamento, a citada entidade presentará a través do Rexistro Xeral nos cinco días seguintes á finalización do programa solicitude de pago e memoria das actividades (segundo o estipulado na cláusula cuarta, apartado sétimo); unha vez recibida, tramitarase facendo constar unha certificación de persoa autorizada na que especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio.*
- 2. Colaborar activamente na organización da actividade obxecto do presente convenio.*
- 3. Realizar unha rolda de prensa para a presentación do programa de actos previsto na actividade.*

SEXTA.- Mecanismo de seguimento. Unidade xestora.

A xestión deste convenio correspóndelle á unidade de Cultura do Concello de Vigo e o mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese con base nas memorias e informes que presente a federación e da presenza do persoal municipal nas propias actividades que se determinen.

SÉTIMA.- Difusión.

A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos do Concello e da federación, en iguais condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do persoal técnico da unidade de Cultura, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

OITAVA.- Incumprimentos.

O incumprimento das obrigas estipuladas neste convenio para a entidade significará a cancelación do pagamento establecido na cláusula segunda, ou ben o desconto proporcional a que houbera lugar.

NOVENA.- Vixencia e prorrogabilidade.

O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata a data de conformidade da unidade de Cultura coa realización do proxecto, sempre antes do 31 de decembro de 2004; así mesmo, non será prorrogable.

DÉCIMA.- Resolución de controversias e desenvolvemento.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio; o concelleiro da Área de asuntos Sociais queda facultado para tomar as iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, na data e lugar que se indica.

23(1618).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO ACCTAL.
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Ignacio López-Chaves Castro.